

**AVV.  
ATOCHAS  
MONTE ALTO**

**DEMANDAS VECIÑAIS  
ELECCIÓN 2015**

## **I. XERAL**

1.- Deseño dun Plan de Rehabilitación Integral que contemple prazos, presupostos e accións encamiñadas a recuperar toda a nosa zona a nivel económico, cultural, deportivo, social e urbano. Dito P.R.I. farase sobre a base dunha participación veciñal activa a través dos mecanismos oportunos.

2.- Creación nos Plenos Municipais dun espazo para a participación veciñal.

3.- Creación dun Foro Social onde participen as entidades sociais, culturais , deportivas e sindicais coa finalidade de achegar ao Goberno Municipal as demandas das veciñas e veciños e mellorar as políticas do Concello.

4.- Recuperación do Convenio entre o Concello da Coruña e a Biblioteca Veciñal.

## **II. SOCIAL**

1.- Creación dun Banco Municipal de alimentos, roupa e utensilios sanitarios que atenda as necesidades das familias que así o precisen.

2.- Recuperación do Centro Quérote que se atopaba en Panadeiras.

3.- Co traspaso do Cuartel da Policía Local ás dependencias de Sanidade, creación da “Casa da Muller e a Xuventude” no mesmo, mantendo un posto do 092 que atenda á zona.

4.- Creación dun Centro de Día nas Durmideiras.

5.- Creación dun Banco de Tempo onde a xente poda ofrecer os seus coñecementos sobre a base da axuda mutua.

6.- Creación do programa “Axuda Maior” coa finalidade de facer un seguimento e axudar dende o Concello ás persoas de avanzada idade que vivan soas. Potenciar con axudas dende o Concello a instalación do servizo de “Botón de Emerxencia” para as persoas que o precisen.

7.- Compromiso e traballo dende o Concello da Coruña para que as nenas e nenos con necesidades especiais podan participar de todas as actividades que se fagan dende o mesmo sen ningún tipo de exclusións e potenciar a mellora da accesibilidade tanto aos edificios públicos como privados .

8.- Ampliar o número de pediatras nos Centros de Saúde.

### **III. MOBILIDADE**

1.- Rebaixe e adaptación das rúas, beirarrúas e edificios públicos para as persoas con necesidades especiais e mobilidade reducida. Exemplo: Ronda Monte Alto.

2.- Estudo de creación de rutas circulares de buses coa creación de puntos lanzadeira dende a Praza Pontevedra e Praza de Ourense.

3.- Instalación de máquinas de recarga da tarxeta de bus alleas á ABANCA e mellora no funcionamento da mesma.

4.- Mellora de frecuencias da Liña 17 que conecta Monte Alto cos Hospitais ampliando o traxecto até o Materno Infantil – Oncolóxico. Eliminación total do pago do novo “Aparcadoiro do Materno – Oncolóxico”.

5.- Instalación nos buses 4 e 5 que conectan Monte Alto coa Estación de Buses e Trens de sistemas de pousado das maletas.

6.- Creación de rutas escolares seguras coa implicación de ANPAS, Policía Local, Organismos Públicos e Equipos Educativos.

7.- Instalación de sistemas de redución de velocidade en zonas como Ronda Monte Alto.

8.- Instalación de sinais luminosas nos pasos de peóns e sistemas acústicos para invidentes.

9.- Creación do “Billete Único” de viaxe que potencie o emprego do transporte público tanto a nivel urbano coma metropolitano.

**10.-** Creación do tren de cercanías empregando as antigas vías e a estación portuaria.

**11.-** Melloras nas liñas de buses urbanos cos polígonos industriais.

**12.-** Abaratamento do prezo do billete de bus.

**13.-** Adaptación das vías do tranvía para metro lixeiro e instalación de metro lixeiro.

**14.-** Mellora das marquesiñas e dos paneis informativos de rutas e horarios.

**15.-** Potenciación e creación dun carril bici como transporte público e non como ocio.

#### **IV. URBANISMO**

**1.-** Recuperar a antiga pista deportiva da Igrexa San Xosé, mellora da súa contorna e instalación dunha cuberta na mesma.

**2.-** Instalación de cuberta na pista deportiva das Durmideiras.

**3.-** Instalación de zonas caninas no Barrio e programa para o control das colonias felinas.

**4.-** Sistemas de agarrado nas costas empinadas e, alí onde fose preciso e se puidera, rebaixe das costas ou sistemas de rampa de baixa pendente.

**5.-** Adaptación das praias para persoas con mobilidade reducida.

**6.-** Axudas para a adaptación dos antigos edificios e instalación de ascensores e sistemas de acceso para persoas con mobilidade reducida.

**7.-** Cumplimento das normas en altura e, no caso de novas construcións, alí onde fose preciso e non houberse beirarrúas ou fosen estreitas, ampliación ou creación das mesmas.

**8.-** Mellora do Mercado das Durmideiras respectando os postos de traballo e creación dun pequeno centro de día no mesmo.

- 9.-** Mellora do parque infantil situado na rúa Vila de Cambre con Ángel Rebollo.
- 10.-** Instalación dun parque infantil axeitado na cuberta do Mercado de Monte Alto. Xogos adaptados de 3 a 12 anos. Instalación de sistemas de seguridade en dito parque polo perigo da altura e da transitada Avenida de Hércules.
- 11.-** Recuperación do Antigo Cárcere Provincial e creación no mesmo dun centro de interpretación da Torre así como da historia da cidade, un teatro similar ao do Forum Metropolitano, salas de ensaio e salas multiuso para os colectivos que o precisen así como centro de día aberto. Dita xestión debe ser municipal.
- 12.-** Solución no Aparcadoiro da Torre ao problema das caravanas. Creación na cidade dun espazo para as mesmas que cumpla as normas precisas.
- 13.-** Mellora da rúa Pintor Román Navarro.
- 14.-** Control riguroso e penalización aos propietarios de soares e edificios en situación de abandono que supoñan un perigo para a saúde ou a vida das persoas. Expropiación do terreo se fose preciso para poñelo ao dispor das necesidades do Barrio.
- 15.-** Mellora do sistema das pluviais e fecais. Como exemplo: revisión da zona Ronda Monte Alto e a súa ladeira onde o cheiro é insoportábel.
- 16.-** Revisión, mellora e adaptación de todas as escaleiras existentes nas rúas do Barrio.
- 17.-** Recuperación e mellora das rutas na contorna da Torre así como posta en valor dos petroglifos e a historia do lugar.
- 18.-** Creación de Zonas de Carga e Descarga nas zonas comerciais da zona en horario restrinxido.

## **V. EDUCACIÓN**

- 1.-** Ampliación das escolas infantís para nenas e nenos de 0 a 3 anos.
- 2.-** Apertura dos patios dos colexios fóra de horario escolar para ser empregados pola xente moza.
- 3.-** Creación nalgún parque ou zona do Barrio “Zona Especial para o Skate”.
- 4.-** Conceder espazos á xente moza e artistas para elaborar murais no Barrio.
- 5.-** Apertura en, época de exames, da Biblioteca Municipal de Monte Alto até a madrugada para facilitar o estudo.
- 6.-** Aposta clara do Concello da Coruña nos proxectos da xente moza que teñan como finalidade a mellora da calidade de vida das veciñas e veciños das Atochas – Monte Alto.

## **VI. ECONOMÍA**

- 1.-** Recoñecemento das Atochas – Monte Alto como “Zona de Interese Histórico”. Inclusión da zona nos panfletos turísticos onde recollan: Historia, Negocios da Zona, Mercados, Rutas Turísticas (Cemiterio, Campo da Leña, Atochas, Campo da Rata, Cárcere...).
- 2.-** Programa de promoción exterior do ocio culinario e hostaleiro da zona.
- 3.-** Promoción turística dos Mercados e creación dun día especial ao ano coa finalidade de poñelos en valor.
- 4.-** Creación dun Banco de Locais, axudas e asesoramento municipais para a creación de novos negocios no Barrio.